



O Concello da Coruña, consecuente co compromiso de establecer un modelo de desenvolvemento que sexa sustentable e que garanta unha alta calidade de vida cidadá, vén desenvolvendo actuacións que permitan controlar e garantir a calidade ambiental do conxunto do municipio. Neste sentido, o bo desempeño ambiental do termo municipal, depende en gran medida da xestión dos procesos e servizos proporcionados polo Servizo de Medio Ambiente do Concello, nos cales hai que garantir simultaneamente o goce dos cidadáns e unha alta calidade ambiental.

Para alcanzar estes obxectivos dunha forma eficiente e coordinada, decidimos implantar un Sistema de Xestión Ambiental que abarque a xestión dos seguintes procesos: mantemento dos vehículos e as oficinas do Servizo de Medio Ambiente e a xestión das praias de Riazor, Orzán, Matadoiro, As Lapas, San Amaro e Oza.

Con iso, o Concello da Coruña comprométese, mediante a coordinación de todas as áreas e servizos municipais implicados na xestión dos servizos referenciados, a preservar a contorna natural da cidade e eliminar ou na súa falta minimizar os efectos ambientais negativos producidos sobre ela, froito do desenvolvemento de diversas actividades, establecendo para iso os medios técnicos, económicos e humanos necesarios.

O Concello manifesta o seu firme compromiso de cumprir e facer cumprir a lexislación e regulamentación aplicable durante o desenvolvemento de todas as actividades que se xestionan no Servizo de Medio Ambiente e Sanidade, esforzándose por mellorar continuamente en materia de prevención ambiental.

Co fin de potenciar a mellora continua na xestión dos servizos, o Concello comprométese a fixar periodicamente os obxectivos e metas ambientais, avaliando o seu grao de cumprimento e revisando a adecuación e eficacia do Sistema de Xestión Ambiental establecido, mediante revisións periódicas e sistemáticas.

Finalmente, desde o Concello da Coruña preténdese involucrar a todos os cidadáns e aos que realizan actividades para o Servizo de Medio Ambiente ou no seu nome, tanto ao persoal do Concello como ás empresas concesionarias e provedores, solicitando a súa colaboración e apoio para garantir a calidade ambiental dos servizos incluídos no alcance do Sistema de Xestión Ambiental.

A Coruña, na data da firma dixital que consta neste documento.

Asdo.: Noemí Díaz Vázquez
Concelleira de Medio Ambiente e Sustentabilidade